

Outros, dos nosos, bechos pequenos, 1

Dípteros: moscas, tabáns, mosquitos,...



Cando saímos vemos, atopamos ou descubrimos unha morea de cousas, entre elas bechos, que, aínda que nos parezan sempre os mesmos, e moitas veces seguramente o sexan, tamén poden ser bechos diferentes nos que, a pouco que nos fixemos, chegaremos a ver detalles que sirvan para diferencialos e, máis adiante, recoñecelos. Unha pequena mostra podémola atopar nas moscas, e algúns dos seus parentes, que van de aquí en diante.

Mosca das casas (*Musca domestica*).
Familia *Muscidae*.
Mide arredor de 1 cm.
Atópase, de forma entre regular e masiva, en todo o mundo. Aliméntase de residuos, maiormente azucrados.





Mosca do gando (*Stomoxis calcitrans*).
Familia *Muscidae*.
Mide uns 8 mm.
Atópase, de maneira regular, en todo o mundo.
Aliméntase materiais orgánicos en descomposición e de sangue de mamíferos.





Polietes lardarius.
Familia *Muscidae*.
Mide uns 10 mm.
Atópase preto do gando.



Mosca verde (*Lucilia caesar*).
Familia *Calliphoridae*.
Mide arredor de 1 cm.
Atópase, de maneira regular, por toda Europa e en Siberia. Aliméntase en cadavres, restos e excrementos.



Mosca azul (*Calliphora vicina*).
Familia *Calliphoridae*.
Mide arredor de 1 cm.
Atópase en case todo o mundo onde é común. Aliméntase de animais e vexetais en descomposición.



Moscón azul (*Calliphora vomitoria*).
Familia *Calliphoridae*.
Mide de 14 a 16 mm.
Atópase en case todo o mundo.
Adultos e larvas aliméntanse de cadavres.





Pollenia sp.
Familia *Calliphoridae*.
Miden arredor de 10 mm.
Parasitan miñocas.



Pollenia rudis.
Familia *Calliphoridae*.
As larvas parasitan miñocas.



Rhyncomya columbina.
Familia *Calliphoridae*.
Mide arredor de 10 mm.
As larvas desenvólvense en materiais do chan.



Stomorhyna lunata.
Familia *Calliphoridae*.
Mide de 7 a 8 mm.
As larvas aliméntanse
de ovos de saltóns.





Moscón gris da carne (*Sarcophaga carnaria*).
Familia *Sarcophagidae*.
Mide de 1,5 a 2 cm.
Atópase, regularmente, en case toda Europa e en África. Aliméntase de materiais en descomposición.





Bachicoma devia.
Familia *Sarcophagidae*.
Mide de 8 a 12 mm.
Parasita a abellóns.



Mosca doméstica menor
(*Fannia canicularis*).
Familia *Fanniidae*.
Mide de 5 a 7 mm.
Ten presenza regular en todo o mundo.



Stevenia umbratica.
Familia *Rhinophoridae*.
Parasita bechos bola.



Stevenia deceptoria.
Familia *Rhinophoridae*.
Mide de 7 a 9 mm.
Atópase por case toda Europa e foi introducida en países de América. Parasita bechos bola.





Mosca da auga (*Atherix ibis*).
Familia *Athericidae*.
Mide de 9 a 11 mm.
As larvas desenvólvense en augas correntes.



femia

Campiglossa producta.
Familia *Tephritidae.*
Mide de 4 a 6 mm.
As larvas desenvólvense nas cabezas florais das plantas *Asteraceas*.



Sphenella marginata.
Familia *Tephritidae*.
Atópase no hemisferio norte.
As larvas desenvólvense no *Senecio vulgaris.*



Homoneura notata.
Familia *Lauxanidae*.
Mide arredor de 7 mm.
As larvas aliméntanse en vexetais en descomposición.





Mosca da froita
(*Drosophyla melanogaster*).
Familia *Drosophylidae*.
Mide de 2 a 3 mm.
Aliméntase de froitas en descomposición.





Ilione albiseta.
Familia *Sciomyzidae*.
Mide de 8 a 11 mm.
As larvas aliméntanse de plantas.



Mosca do esterco
(*Scatophaga furcata*).
Familia *Scathophagidae*.
Mide de 8 a 10 mm.
As larvas desenvólvense en materias en descomposición.





Mosca das bostas.
(*Scatophaga estercoraria*).
Familia *Scatophagidae*.
Mide arredor de 10 mm.
Aliméntase de fluídos das deposicións dos herbívoros, nas que tamén se desenvolven as larvas.



Mosca da verdura (*Delia radicum*).
Familia *Anthomyiidae*.
Mide arredor de 10 mm.
As larvas desenvólvense nas raíces das plantas crucíferas, nas que poden ser praga.



Fucellia tergina.
Familia *Anthomyiidae*.
Común sobre as algas.



Adia cinerella.
Familia *Anthomyiidae*.
Mide uns 5 mm.
As larvas aliméntanse en vexetais en descomposición.



Anthomyia pluvialis.
Familia *Anthomyiidae*.
Mide de 5 a 7 mm.
As eirugas aliméntanse de fungos e de excrementos en niños de paxaros.



Anthomyia procellaris.
Familia *Anthomyiidae*.
Mide de 5 a 7 mm.
Adultos e larvas son aliméntanse de detritos e de cadavres.



Rhagio atlanticus.
Familia *Rhagionidae*.
Mosca predadora do noroeste da Península Ibérica, descrita no 2018.
Aliméntase de outros insectos.





Rhagio scolopaceus.
Familia *Rhagionidae*.
Mide de 10 a 15 mm.
Aliméntase de nectar, mais
tamén caza bechos pequenos.



Rhagio tringarius.
Familia *Rhagionidae*.
Pode medir de 8 a 14 mm.
Caza outros insectos.



Chloromia formosa.
Familia *Stratomyidae*.
Mide uns 8 mm.
As larvas desenvólvense en materiais en descomposición





Sargus bipunctatus.
Da familia *Stratiomyidae*.
Mide de 10 a 14 mm.
Atópase en lugares abrigados de espazos abertos e de bosques. As larvas desenvólvense en vexetais en descomposición.





Beris geniculatta.
Familia *Stratiomyidae*.
Mide de 7 a 9 mm. Atópase preto de zonas húmidas. As larvas desenvólvense en vexetais en descomposición.



Hermetia illucens.
Familia *Stratiomyidae*.
Mide de 15 a 20mm.
É de orixe americana pero atópase polas áreas temperadas e cálidas de todo o mundo. As larvas aliméntanse de vexetais en descomposición.



Mosca asesina
(*Dasypogon diadema*).
Familia *Asilidae*.
Mide arredor de 25 mm.
Caza outros insectos.



macho

Mosca asesina (*Tolmerus atricapillus*).
Familia *Asilidae.*
Mide ate 20 mm.
Aliméntase de outros insectos.



femia



macho


Usia aenea.
Familia *Bombyliidae*.
Mide uns 7 mm.
As larvas aliméntanse de outros insectos e os adultos de pole.





Parella en cópula

Bombilius major.
Familia *Bombyliidae*.
Mide de 14 a 18 mm.
As larvas parasitan niños de abellas solitarias e vésporas. Os adultos liban nas flores.





Bombylella atra.
Familia *Bombyliidae*.
Mide arredor de 10 mm.
Atópase en prados e pasteiros. As larvas parasitan outros insectos





Rivellia syngenesiae.
Familia *Platystomatidae*.
Mide de 4 a 6 mm.
As larvas aliméntanse en plantas e detritos.



Gymnosoma rotundatum.
Familia *Tachinidae*.
Miden uns 8 mm.
Parasita especies de chinches (cochinillas).



Gymnosoma costatum.
Familia *Tachinidae*.
Mide de 4 a 5 mm.
As larvas parasitan especies de cochinillas. Os adultos aliméntanse de nectar.



Linnaemya picta.
Familia *Tachinidae*.
Mide de 10 a 12 mm.
Parasita eirugas de avelaíñas.



Salmacia divisa.
Familia *Tachinidae*.
As larvas parasitan a outros insectos.



Tachina magnicornis.
Familia *Tachinidae.*
Mide uns 15 mm.
Parasita eirugas de avelaíñas






Peleteria rubescens.
Familia *Tachinidae*.
Mide arredor de 10 mm.
As larvas parasitan eirugas.



Ectophasia crassipennis.
Fam *Tachinidae*.
Mide entre 10 e 13 mm.
As larvas parasitan chinches.



Myopa dorsalis.
Familia *Conopidae*.
Mide de 11 a 15 mm.
As larvas parasitan abellas solitarias.
Atópase na maior parte de Europa, no norte de Africa e no oeste de Asia



Sicus ferrugineus.
Fam *Conopidae*.
Mide de 8 a 13 mm.
As larvas parasitan niños de abellóns.



Parella copulando

Villa hotentota.
Familia *Bombyliidae*.
Mide entre 11 e 19 mm.
Atópase en zonas secas de Europa e do norte de África. As larvas parasitan niños de abellas e vésporas solitarias.





Mosca da humidade
(*Clogmia albipunctata*).
Familia *Psychodidae*.
Mide uns 2 mm.
As larvas desenvólvense en desaugadoiros.



Tabán xigante (*Tabanus sudeticus*).
Familia *Tabanidae*.
É a mosca máis pesada de Europa. Mide de 2 a 2,5 cm. Atópase en todo o oeste de Europa. As femias aliméntanse con sangue de mamíferos.



Chrysops caecutiens.
Familia *Tabanidae*.
Mide de 8 a 10 mm.
Atópase preto de zonas húmidas. As larvas aliméntanse de materiais en descomposición e os adultos de pole, mais as femias precisan alimentarse de sangue de mamíferos para producir os ovos.



Empis trigramma.
Familia *Empididae*.
Mide uns 10 mm.
Aliméntase de néctar e tamén captura outros insectos.





Empis ciliata.
Familia *Empididae*.
Mide arredor de 10 mm.
As larvas e os adultos aliméntanse de insectos, mais os adultos tamén consumen zumes vexetais azucrados.



Volucella zonaria.
Fam *Syrphidae*.
Mide até 25 mm.
As larvas desenvólvense nos niños de vésporas sociais.



Femia, ollos separados

Volucella bombilians.
Fam *Syrphidae*.
Mide entre 11 e 17 mm.
Os adultos aliméntanse de pole e as larvas de restos en niños de vésporas sociais e de abellóns



Myatropha florea.
Familia *Syrphidae*.
Mide arredor de 1 cm.
Atópase no centro e no sur de Europa e no norte de África. Os adultos aliméntanse de pole e nectar.





Chrysotoxum intermedium.
Familia *Syrphidae*.
Mide uns 12 mm.
Os adultos aliméntanse nas flores e as larvas cazan insectos pequenos.





Epistrophe nitidicollis.
Familia *Syrphidae*.
Mide de 7 a 10 mm.
As larvas aliméntanse de insectos pequenos.



Episyrphus balteatus.
Familia *Syrphidae*.
Mide de 9 a 12 mm.
As larvas aliméntanse de pulgóns.





Eupeodes volucris.
Familia *Syrphidae*.
As larvas aliméntanse principalmente de pulgóns.



Milesia crabroniformis.
Familia *Syrphidae*.
Mide ate 25 mm.
É o sírfido máis grande.
As larvas desenvólvense nos residuos, en furados de árbores vellas, e os adultos aliméntanse de pole e zumes de flores.



Eristalis tenax.
Familia *Syrphidae*.
Mide de 13 a 15 mm.
As larvas viven en augas negras alimentándose de microorganismos e os adultos nas flores.





Eristalis arbustorum.
Familia *Syrphidae*.
Mide entre 10 e 15 mm.
As larvas viven en augas estancadas e os adultos en zonas arboradas.



Eristalis nemorum.
Familia *Syrphidae*.
Mide de 10 a 12 mm.
Hemisferio norte Eurasia.
Ten larva acuática, que se desenvolve en augas estancadas, e os adultos aliméntanse nas flores.



Eupeodes corollae.
Familia *Syrphidae*.
Mide de 6 a 11 mm.
As larvas aliméntanse de pulgóns.



***Sphareophoria scripta*.**
Familia *Syrphidae*.
Mide de 7 a 12 mm.
As larvas aliméntanse de pulgóns e os adultos de pole e nectar.



macho



femia

Syrphus ribesii.
Familia *Syrphidae*.
Mide entre 9 e 13 mm.
Hemisferio norte. Os adultos aliméntanse nas flores, e as larvas comen pulgóns.





Syritta pipiens.
Familia *Syrphidae*.
Mide 5 a 9 mm.
As larvas viven en materia en descomposición.



Xanthogramma pedissequum.
Familia *Syrphidae*.
Mide arredor de 1 cm.
As larvas asócianse con formigas e aliméntanse de pulgóns. Os adultos aliméntanse de produtos florais.





Tipula oleracea.
Familia *Tipulidae*.
Mide de 25 a 30 mm.
As larvas viven en herbeiros, aliméntanse de raíces das plantas e de vexetais en descomposición.



Tipula maxima.
Familia *Tipulidae*.
Mide ate 40 mm.
As larvas, que viven en zonas húmidas, aliméntanse de materia vexetal en descomposición



Tipula luna.
Familia *Tipulidae*.
Mide de 22 a 25 mm.
As larvas viven en espazos húmidos alimentándose de materias en descomposición.



Tipula crocata ou *Nephrotoma crocata.*
Familia *Tipulidae*.
Mide entre 17 e 20 mm.
As larvas aliméntanse das raíces das plantas e os adultos de zumes vexetais.



Tipula trivittata.
Familia *Tipulidae*.
Mide uns 15 mm.
Atópase en lugares húmidos, preto de pozas e regatos. As larvas aliméntanse de vexetais en descomposición.



Nephrotoma flavescens.
Familia *Tipulidae*.
Mide uns 18 mm.
As larvas aliméntanse de material vexetal en descomposición en zonas húmidas, e os adultos consumen pole e zumes vexetais.




Mosquito (*Culex pipiens*).
Familia *Culicidade*.
Mide de 4 a 7 mm.
As larvas viven na auga e aliméntanse de materia orgánica.
Os adultos, machos, aliméntanse de zumes vexetais, e as femias aliméntanse de sangre para poderen formar os ovos.



Larvas e pupas de mosquito.




Quironómido.
Os quironómidos (*Chironomidae*) son un grupo de insectos (unhas 100.000 especies) de aspecto semellante ao dos mosquitos, adoito máis pequenos e inofensivos.



Na imaxe un macho, que se distingue polas súas antenas plumosas





Mon Daporta e Adela Leiro
Outubro 2026